

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: **A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos:** requírese unha **breve** definición en termos xeográficos. **A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos:** solicítase **unicamente** citar os elementos. **A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos:** valorarase a organización e a exposición de contidos. **A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos:** pídesa a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

OPCIÓN 1

1.1.- Defina brevemente: MUNICIPIO, ISOBARA, RÉXIME FLUVIAL, REGULARIZACIÓN DE INMIGRANTES, GARRIGA.

1.2.- Na Figura A-1 aparecen representados os principais ríos españois. Cite vostede o nome dos sinalados cun número.

1.3.- Desenvolva a cuestión: **As características das migracións interiores españolas e as súas consecuencias espaciais.** *Orientacións para o desenvolvemento: definición de migración interior; secuencia temporal do seu desenrolo en España, áreas emisoras e áreas receptoras, consecuencias espaciais, etc.*

1.4.- Comente vostede a Figura B-1. *Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información, escala), caracteres xerais do feito representado, relación con diversos factores xeográficos, etc.*

OPCIÓN 2

2.1.- Defina brevemente: BOSQUE CADUCIFOLIO, DELTA, BARBEITO, AUGAS XURISDICCIONAIS, RECICLAXE.

2.2.- Na Figura A-2 aparece a trama das Comunidades Autónomas españolas. Cite vostede o nome e a capital das sinaladas cun número.

2.3.- Desenvolva a cuestión: **Trazos xerais dos rebordos montañosos da Meseta.** *Orientacións para o desenvolvemento: enumeración dos rebordos montañosos da Meseta, caracteres estruturais, formas de relevo, trazos comúns e diferenzas, etc.*

2.4.- Comente vostede a Figura B-2. *Orientación para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), caracteres xerais do feito representado, causas e consecuencias da evolución reflectida, relación con outros feitos demográficos, as consecuencias espaciais diferenciais do proceso, etc.*

XEOGRAFÍA

OPCIÓN 1





FIGURA A-1



Área da sobreira (*Quercus suber*) na Península Ibérica (Font Quer, P., 1956).

FIGURA B-1

XEOGRAFÍA

OPCIÓN 2





FIGURA A-2

EVOLUCIÓN DO REPARTO PORCENTUAL DOS GRUPOS DE IDADE EN ESPAÑA



Fonte: Banco BBVA

FIGURA B-2

XEOGRAFÍA

*VALORACIÓN: **A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos:** requírese unha **breve** definición en termos xeográficos. **A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos:** solicítase **unicamente** cita-los elementos. **A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos:** valorarase a organización e a exposición de contidos. **A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos:** pídesse a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e consecuencias dos feitos expostos.*

OPCIÓN 1

1.1.- Defina brevemente: FOSA TECTÓNICA, HÁBITAT CONCENTRADO, DENSIDADE DE POBOACIÓN, AGROINDUSTRIA, ALUVIÓN.

1.2.- Na Figura A-1 aparece un mapa con cinco accidentes xeográficos. Cite vostede o nome correspondente a cada número.

1.3.- Desenvolva a cuestión: **As paisaxes agrarias en España. Características e contrastes.** *Orientacións para o desenvolvemento: variedade de paisaxes agrarias en función da variedade ambiental, tipoloxía das paisaxes agrarias, relación coa estrutura agraria, diversidade de orientacións produtivas, etc.*

1.4.- Comente vostede a Figura B-1. *Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), características da distribución dos feitos representados, localización espacial e nas variedades climáticas españolas, consecuencias na paisaxe, etc.*

OPCIÓN 2

2.1.- Defina brevemente: DÉFICIT HÍDRICO, HÁBITAT DISPERSO, ENSANCHE, BORRASCA, TORRENTE.

2.2.- Na Figura A-2 aparece a trama das provincias españolas. Cite vostede o nome das sinaladas cun número.

2.3.- Desenvolva a cuestión: **O reparto dos elementos climáticos en España e as súas consecuencias.** *Orientacións para o desenvolvemento: definición de elemento climático, a distribución espacial dos elementos e as súas causas, relación cos factores atmosféricos e xeográficos, as consecuencias nas variedades climáticas, etc.*

2.4.- Comente vostede a Figura B-2. *Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), características da evolución dos feitos representados, causas e consecuencias na distribución espacial da poboación, relación coa dinámica demográfica e económica, etc.*

XEOGRAFÍA

OPCIÓN 1





FIGURA A-1



Temperatura media anual: 18,8°. Precipitacións anuais: 572 mm. Amplitude térmica anual: 17,5°.

FIGURA B-1

XEOGRAFÍA

OPCIÓN 2



FIGURA A-2




FIGURA B-2

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1

1.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A xeito de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

MUNICIPIO: Unidade territorial administrativa básica rexida por un concello elixido democráticamente, en que se divide oficialmente o territorio español. Normalmente, a capital coincide cun núcleo de poboación concentrado mentras o resto dos núcleos están dispersos, como no caso de Galicia.

ISOBARA: Liña que une puntos de igual valor de presión atmosférica.

RÉXIME FLUVIAL: Fluctuación estacional do caudal dun río ao longo dun ano que depende xeralmente das características das súas fontes de alimentación.

REGULARIZACIÓN DE INMIGRANTES: Proceso levado a cabo polo Estado para dotar de entidade legal aos inmigrantes ilegais ou indocumentados, para que poidan obter unha serie de dereitos durante a súa estancia no noso país e poidan exercer un traballo con garantías.

GARRIGA: Tipo de formación arbustiva do ámbito mediterráneo, pouco densa, aberta, e xeralmente produto da degradación antrópica.

1.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, a razón de **0,4** puntos por resposta correcta. Requírese a cita correcta dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: 1, PISUERGA; 2, GÁLLEGO; 3, LLOBREGAT; 4, TURIA; e 5, GUADALQUIVIR.

1.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, plantexando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contenidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen erros ortográficos. A xeito de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: definición de migración e de migración interior, secuencia temporal do seu desenvolvemento

en España, principais áreas emisoras e receptoras, consecuencias espaciais e demográficas, relación co proceso de urbanización e o despoboamento rural, etc. Valorarase a reflexión sobre as desigualdades actuais na densidade de poboación como resultado dun proceso que deixa un deserto demográfico interior (salvo Madrid e algúns outros puntos) fronte a unha aureola litoral fortemente poboada, nunha tendencia que non deixa de acentuarse.

1.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos poden citarse os seguintes: tipoloxía da imaxe (mapa temático analítico cualitativo, de escala pequena por canto representa un país), reparto espacial da sobreira como especie típica das formacións forestais mediterráneas e a súa relación cun sustrato silíceo e unha humidade algo maior (pode compararse co que ocorre coa aciñeira), circunstancias actuais do bosque mediterráneo (incidencia da acción antrópica, fraxilización de solos, etc.), relación con determinados tipos de explotacións gandeiras tradicionais (devesas, montados), etc.

OPCIÓN 2

2.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A xeito de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

BOSQUE CADUCIFOLIO: Formación vexetal forestal onde predominan árbores que perden temporalmente as follas (roble, carballo, castaño, etc.).

DELTA: Forma de acumulación de aluviós na desembocadura dun río, debido á perda de potencia deste ao diminuír a pendente e a velocidade no tramo final do seu percorrido.

BARBEITO: Sistema de cultivo tradicional nos secanos españois que consiste en deixar en descanso a terra un período de tempo determinado, aplicándolle algúns labores co fin de recuperar a súa capacidade produtiva. Ligado aos sistemas de rotación de cultivos cerealísticos.

AUGAS XURISDICCIONAIS: Augas mariñas sobre as que un estado exerce a súa soberanía e das que a extensión é considerada parte integrante do seu territorio, acorde ao dereito do mar.

RECICLAXE: Transformación de produtos de refugallo de diversas actividades para poder ser reutilizados noutras actividades económicas e evitar a acumulación de residuos improdutivos ou contaminantes.

2.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, a razón de **0,4** puntos por resposta correcta. Requírese a cita correcta dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: 1, CANTABRIA (Santander); 2, A RIOXA (Logroño); 3, EXTREMADURA (Mérida); 4, CASTELA-A MANCHA (Toledo); e 5, MURCIA (Murcia. Se alguén indica tamén que o Parlamento está en Cartaxena, e non acertou algunha das outras, pódese engadir 0,2 puntos ao total).

2.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, plantexando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen erros ortográficos. A xeito de orientación algúns

dos aspectos clave deste tema son: enumeración dos rebordos montañosos da Meseta (Macizo Galaico, Montes de León, Montes Cantábricos, Sistema Ibérico, Serra Morena), caracteres estruturais e formas de relevo (cinturón de montañas intermedias rodeando a Meseta, estilo de pregamento e fractura), riscos comúns e diferencias entre eles, consecuencias no aillamento da Meseta (riscos de continentalización interior), etc. Valorarase a relación coas dificultades tradicionais para o desenvolvemento das vías de transporte interiores.

2.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos poden citarse os seguintes: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), definición de grupo de idade, caracteres xerais do feito representado (o rápido proceso de avellentamento da poboación española nos últimos 30 anos), as súas causas e as súas consecuencias, a relación coa dinámica natural e a súa evolución, consecuencias espaciais diferenciais do proceso, etc. Valorarase a alusión ás tendencias recentes do rexuvenecemento da pirámide de idades pola aportación á natalidade das mulleres inmigrantes.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 1

1.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A xeito de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

FOXA TECTÓNICA: Depresión que coincide cun bloque afundido da corteza terrestre, delimitado por fallas.

HÁBITAT CONCENTRADO: Cando no medio rural a disposición das vivendas agrúpase nunha unidade de tamaño xeralmente grande.

DENSIDADE DE POBOACIÓN: Relación da poboación dun área coa superficie que ocupa, expresada en hab/Km².

AGROINDUSTRIA: Actividade de transformación industrial de materias primas e produtos agrarios, para producir bens de consumo ou para outros procesos industriais.

ALUVIÓN: Material depositado polo río e que presenta unha morfoloxía redondeada polo frotamento coa auga e con outras partículas transportadas polo río.

1.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, a razón de **0,4** puntos por resposta correcta. Requírese a cita correcta dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: 1, RÍA DE MUROS E NOIA; 2, RÍO EBRO; 3, CABO DE CREUS; 4, IBIZA; e 5, RÍO SEGURA.

1.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, plantexando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema;

valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen erros ortográficos. A xeito de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: a variedade de paisaxes agrarios en función da variedade ambiental, a tipoloxía das paisaxes agrarios tradicionais e a súa evolución, a relación coa estrutura agraria, a diversidade das orientacións produtivas, etc. Valorarase a alusión á problemática da aridez e a necesidade do regadío en amplas zonas españolas.

1.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos poden citarse os seguintes: tipoloxía da imaxe (climograma que representa as temperaturas mediante puntos unidos cunha liña e as precipitacións mediante barras verticais, cunha escala vertical dupla das precipitacións con respecto ás temperaturas); temperatura media anual alta, amplitude térmica anual bastante elevada, de 17,5°, verán caloroso que se achega aos 30° e inverno suave, superando os 10°, o que denota alonxamento da influencia mariña; precipitacións escasas, dentro da España Seca (por debaixo de 600 mm), irregulares e con máximos equinocciais, con cinco meses áridos segundo o índice de Gaussen; características de clima mediterráneo do sul peninsular, concretamente do Val do Guadalquivir; caracteres da paisaxe bioclimático do dominio mediterráneo, etc.

OPCIÓN 2

2.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A xeito de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

DÉFICIT HÍDRICO: Desequilibrio entre o aporte de humidade e a perda por evaporación nun lugar.

HÁBITAT DISPERSO: Cando no medio rural a disposición das vivendas salpica o espazo con casas ailladas ou formando pequenos agrupamentos dunhas poucas casas.

ENSANCHE: Sistema de planeamento español ideado a finais do século XIX para solucionar a demanda de solo urbán pola burguesía nas grandes cidades.

BORRASCA: Depresión atmosférica, onde o ar ascende e xera inestabilidade.

TORRENTE: Organismo fluvial curto, de forte pendente, orixinado en ámbitos onde as precipitacións caen de forma violenta en moi pouco tempo e o sustrato é doado de excavar.

2.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, a razón de **0,4** puntos por resposta correcta. Requírese a cita correcta dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: 1, BURGOS; 2, TERUEL; 3, GUADALAJARA; 4, BADAJOZ; e 5, GRANADA.

2.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, plantexando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen erros ortográficos. A xeito de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: definición de elemento climático, a distribución espacial dos elementos climáticos (temperaturas e precipitacións) e as súas causas, a relación cos factores atmosféricos e xeográficos, as consecuencias nas variedades climáticas, etc.

2.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos poden citarse os seguintes: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), causas e consecuencias da evolución das dúas variables representadas, relación cos demais factores e elementos demográficos no mesmo período, relación coa dinámica demográfica e económica, causas e consecuencias na distribución espacial da poboación, etc. Valorarase a alusión a outros problemas demográficos relacionados, como a despoboación de certas áreas, a superpoboación doutras, as consecuencias dos desequilibrios espaciais, etc.